

Ler para saber

A CIENCIA

Charlas científicas e obradoiros dirixidos a nenas e nenos, a partir de 10 anos, adolescentes e público en xeral

Lugar: Biblioteca Central Rialeda. Perillo
Horario: 18:30 h

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Concello de Oleiros
GOBIERNO LOCAL DO OLEIRO
DE CULTURA
www.oleiros.org

LER PARA SABER A CIENCIA



25 de marzo:

Biografía do corpo humano

con Francisco Armesto Ramón

"El gran libro del cuerpo humano: anatomía, fisiología, salud", de Adolfo Cassan

O sangue, aparello locomotor, aparello circulatorio, aparello respiratorio, aparello dixestivo, nutrición, vista, oído, gusto e olfacto, sistema endocrino, etc. Neste libro podes consultar todas as dúbidas sobre as complexas estruturas que constitúen o corpo humano.




"Descubre el cuerpo humano", de David Suzuki

Libro con experimentos para nenos-as a partir dos 10 anos que resposta interrogantes tan curiosas como estas: *Sabías que un neno ten máis ósos que un adulto? Que pola mañá es máis alto que pola tardiña? Que o óso máis pequeno do teu corpo está dentro do teu oído?, e moitas, moitas máis.*

"O corpo humano: a poderosa forza da vida"

Este é cuarto volume da colección *O corpo humano*. Sinxelas explicacións axudadas de fotografías e ilustracións para comprendermos mellor os 20 temas deste libro: desde a evolución do home a o longo camiño da vida.




"Atlas básico de anatomía"

Espléndido atlas do corpo humano de doada comprensión. Moitas láminas e figuras amosan as principais características de todos e cada un dos diferentes aparellos e sistemas do noso organismo. As ilustracións son o núcleo do volume, complementadas con breves apuntamentos e explicacións.

"Los porqués del cuerpo: las respuestas del Dr. Quesí y el Dr. Quenó"

Divertido, e por veces disparatado, libro de preguntas e respostas: *Por que a pel se engurra na auga?*, *Por que o xeo se pega aos dedos?*, *Por que soan as tripas?*, *Por que latexa o corazón?*, *Por que non podemos respirar baixo a auga?...as ilustracións son tamén moi orixinais. Ábreo e a gozar!!!*



"Atlas básico de fisiología", de Adolfo Cassan

A fisioloxía humana é a ciencia que estuda o funcionamento dos órganos, aparellos e sistemas que constitúen o noso organismo: este libro explícanos o funcionamento do corazón, a función dos glóbulos vermellos, o impulso nervioso, as vías respiratorias, e un a un, todas as unidades funcionais do noso organismo.

"Mi atlas Larousse del cuerpo humano", de Benoît Delalandre

Animado libro que nos introduce nos segredos do funcionamento do corpo a través das accións que desenvolvemos todos os días: comunicarse, moverse, comer, eliminar, respirar, aprender, durmir, defenderse e medrar. Conta cun apéndice adicado aos records do corpo: aí vai un, *Cando esbirramos, o aire sae do nariz a 160 quilómetros por hora!!!*



Ler para saber

A CIENCIA

Charlas científicas e obradoiros dirixidos a nenas e nenos, a partir de 10 anos, adolescentes e público en xeral

Lugar: Biblioteca Central Rialda. Perillo
Horario: 18:30 h

emc **UNIVERSIDADE DA CORUÑA**

Bibliotecas Municipais **Concello de Oleiros**

Colectión de DVD "Érase una vez... El cuerpo humano"

Completa colección sobre o corpo humano constituída por 26 volumes para aprendelo todo sobre o noso organismo, nesta serie hispano-francesa de debuxos animados infantís con vocación didáctica e divulgativa. Contén un menú especial con tres xogos que te axudarán a lembrar o capítulo e revisar o que aprendiches: o puzzle, o sabelotodo e o corpo humano.

